

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN

NOME: _____

APELIDOS: _____

ESPECIALIDADE: _____

CURSO: _____

IDADE: _____

TELÉFONO: _____

E-MAIL: _____

CHAPELA, _____ DE _____ DE 2017

SINATURA

I CURSO DE TROMBÓN E BOMBARDINO

15-16-17
DECEMBRO
CHAPELA-REDONDELA
PONTEVEDRA



SANTIAGO BLANCO
Solista Orquesta Sinfónica de Navarra

CONCERTO DE CLAUSURA DÍA 17 ÁS 20:00 MULTIUSOS DE CHAPELA
ENTRADA DE BALDE ATA COMPLETAR AFORAMENTO

CONTACTO: 636 12 46 35
ESCOLADEMUSICA@CULTURALDECHAPELA.ORG

Alumnos/as activos: 90€
Alumnos/as Esc. Mús. Chapela: 45€
Alumnos/as ointes: 30€

Organiza:



Colabora:



Año Paulina Sánchez
Redondela 2017

SANTIAGO BLANCO CABALEIRO.

Nacido en Vigo, Santiago obtén o Título Superior de Trombón polo Conservatorio Superior da devandita cidade con Feliciano Morais como profesor no ano 2005.

Ese mesmo ano trasládase a Chicago (EE.UU.) para cursar un Máster en Estudos Orquestrais na “Roosevelt University” co profesor Jay Friedman (trombón solista, Chicago Symphony). En Roosevelt, Santiago gaña o concurso “Concerto Competition” e interpreta o Concertino de Ferdinand David acompañado pola Roosevelt University Symphony Orchestra con Jay Friedman como director.

Seguidamente, é admitido na prestixiosa “Northwestern University” de Illinois (EE.UU.) obtendo un Certificado en Interpretación outorgado pola devandita universidade. Os seus mestres son Michael Mulcahy, Charles Vernon (Chicago Symphony) e Peter Ellefson.

Durante a súa estancia en Chicago, Santiago colabora ademais coa Chicago Symphony Orchestra, o legendario Chicago Symphony Orchestra Brass e é membro da Civic Orchestra of Chicago e do Chicago Trombone Consort.

Ademais, foi membro da Orquestra Mundial de Mocidades Musicais, “Music Masters Course Orchestra” (Xapón), o Festival “Junger Künstler” en Bayreuth (Alemania) a Xove Orquestra Nacional de España e colaborou coa Cincinnati Symphony Orchestra, Orquestra Nacional de España, Orquestra Nacional do Porto (Portugal), Orquestra da Comunitat Valenciana, as Sinfónicas de Galicia e Bilbao e a Filharmonía de Galicia entre outras.

Todo iso permitiulle traballar con directores de prestixio como Bernard Haitink, Kent Nagano, Valery Gergiev, Pierre Boulez, Semyon Bychkov, Juanjo Mena, Myung-Wung Chung, Alan Gilbert, Daniel Harding ou Jesús López Cobos.

Entre as súas actuacións como solista, caben destacar as do Concerto de Nino Rota coa Orquestra Sinfónica de Navarra, o Concerto de L. Gröndahl coa Orquestra Clásica de Vigo e o Concertino de Ferdinand David coa Orquestra Sinfónica de Galicia en ocasión do 40 Aniversario da Fundación Pedro Barrié da Maza, da cal foi bolseiro.

No terreo da música de cámara foi fundador do quinteto de metais “Versión Original” co que foi galardoado con diversos premios nos concursos como de Terrasa, Manresa e A Coruña. Na actualidade colabora con asiduidade co proxecto cultural Euskadi Brass.

Na súa actividade pedagóxica, Santiago imparte frecuentemente cursos por toda a xeografía española e foi convidado como profesor na Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia, Euskadiko Ikasleen Orkestra (EIO), Orquestra Xove Vigo430 e na Academia Contemporánea do Festival Via Stellae de Santiago de Compostela.

Actualmente é trombón Solista da Orquestra Sinfónica de Navarra desde o ano 2008, da que previamente foi trombón Axuda de Solista desde 2002. Ademais é profesor da Xove Orquestra Universidade de Navarra.

A ESCOLA DE MÚSICA DE CHAPELA ORGANIZA O I CURSO DE TROMBÓN E BOMBARDINO

Descrición do curso:

Os/As alumnos/as contarán con clases individuais.

Farase traballo técnico e musical diario en conxunto e formarase un grupo de trombóns para desenvolver as aptitudes do traballo en equipo.

En todo momento incidirase na procura da excelencia e traballarase nas dúbidas ou problemáticas distintas de cada alumno/a.

As clases impartiranse non locais da Escola de Música de Chapela en horario de 10:00-14:00 e de 16:00-20:00.

Dirección da Escola: Pavillón de Deportes de Chapela en Avenida de Redondela nº17 CP 36320 Chapela.



Modo de inscrición:

- Cubrir o boletín de inscrición
- Ingresar o prezo do curso no nº de conta ES57 2080 0538 3130 0000 9033 indicando nome e apelidos
- Entregar a inscrición e o xustificante de ingreso antes do 4 de decembro en:
 - Oficina Escola
 - Correo electrónico escolademusica@culturaldechapela.org
 - **WhatsApp: 636 12 46 35**

Prezos:

- Alumnos/as activos: 90€
- Alumnos/as Esc.Mús.Chapela: 45€
- Alumnos/as oíntes: 30€